

CAPÍTULO II

DESCRIPCIÓN DO ESTUDIO

CARACTERÍSTICAS DESTE ESTUDIO SOBRE A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES

Este estudio sobre a *convivencia nos centros escolares de Galicia* responde, en xeral, ós mesmos parámetros das anteriores investigacións feitas nos últimos anos por encargo do Consello Escolar.

As características básicas do traballo poderían articularse nos seguintes apartados:

1. O marco teórico: concepción da convivencia.
2. Estructura técnica do estudio:
 - 2.1 Variables consideradas
 - 2.2 Mostra
 - 2.3 Instrumentos
 - 2.4 Análises realizadas
3. Estructura do estudio

1.- A IDEA DE CONVIVENCIA

Dende a recepción do encargo por parte do Consello Escolar de Galicia a temática que se ía abordar no estudio deste ano pasou por formulacións diferentes. A idea inicial tiña que ver coa análise da “*violencia nas escolas*”. Deste xeito, centrando o estudio no tema da violencia, o Consello Escolar de Galicia respondía á crecente preocupación social e política sobre unha das novas problemáticas que afectan o sistema educativo en moitos dos países do noso contorno.

Esa demanda inicial, unha vez aceptada polo equipo de investigación do ICE, adoptou unha perspectiva nova. En lugar de afrontar directamente o tema da *violencia* (coma se estiveramos xa nunha situación constatada de conflitos violentos nas escolas) postulamos unha interpretación máis aberta da idea reorientado o propósito da investigación cara ó tema da *convivencia nas escolas*.

Obviamente a violencia constitúe unha das disfuncións da convivencia e pode quedar perfectamente integrada nesta nova perspectiva. E pola contra, abordar a actual problemática escolar dende a perspectiva da convivencia permitiríanos obter unha visión máis ampla e positiva da dinámica relacional: as relacións entre os diversos sectores da comunidade educativa, a natureza e valoración da normativa existente nos centros escolares, os conflitos máis frecuentes nos centros escolares e a forma habitual de abordalos, etc. Partiamos da consideración de que o que pode ser máis valioso para un estudio coma este (que ten como finalidade dar pé a recomendacións de tipo político por parte do Consello Escolar) é ser capaces de recoller as percepcións e valoracións dos diversos sectores da comunidade escolar sobre a dinámica relacional que predomina nos centros escolares ós que están vinculados.

Dous propósitos máis estaban na base da nosa pretensión de trasladar o punto de análise da violencia á convivencia:

- Parecíanos do máis oportuno fuxir dunha aproximación grandilocuente e efectista ó tema da violencia nas escolas (forma habitual de abordar este tipo de temas na prensa sensacionalista). Os problemas das escolas son o suficientemente serios como para desviar a atención da problemática substantiva ós aspectos máis superficiais e episódicos da vida dos centros. É ben sabido que a normalidade non é noticia e, nun contexto tan mediático como o actual, parecería que non é tampouco unha cousa de interese social.

Nese sentido, tornar o punto de mira cara á convivencia permite ofrecer un panorama máis real e tamén máis preventivo sobre esta parte dos problemas das escolas.

- Queriamos evitar por todos os medios (nunha liña de pensamento educativo que se foi mantendo nos sucesivos estudos levados a cabo por este equipo de investigación nos diversos temas que foron abordados en anos precedentes) converter o tema da violencia (e mesmo o da convivencia) nun problema “dos alumnos”. Moitos dos estudos actuais sobre violencia escolar centran as súas análises no sector dos alumnos e fan unha proxección, directa ou sobreentendida, de responsabilidades sobre eles. Se existe violencia nas escolas, véñse a dicir, é por causa do tipo de alumnos que debe atender a escola. Os actos de violencia (ós profesores, ós compañeiros, sobre as cousas, etc.) son levados a cabo por alumnos e as razóns hainas que buscar na súa situación persoal, familiar ou social.

Esta victimación do alumnado, que se deriva dunha visión da violencia moi centrada nos actos violentos e nas condutas asociais, esquece que tales actos e condutas só teñen sentido nun marco máis xeral que abrangue a dinámica relacional e o clima de traballo do centro escolar no seu conxunto. No fondo as condutas, tamén as conflictivas e violentas, non son senón modalidades disfuncionais de adaptación ó sistema escolar. Resulta demasiado simplista, xa que logo, pensar que se algo vai mal a causa haina que buscar nos alumnos, que a institución (os directivos, os profesores, o propio alumnado considerado como sector, as familias e o conxunto de relacións e dinámicas que se establecen en todos eles) está á marxe do problema e que só participa como “sufridora” dos actos dos violentos.

Centrarse na convivencia permite ampliar o espectro de circunstancias e relacións que deben ser estudias para configurar unha visión máis completa e sistémica do que acontece nos centros escolares: non se analizan os actos senón as dinámicas que ou ben os provocan ou ben permiten entendelos mellor nas condicións nas que se producen.

Foi por todo ese conxunto de consideracións que o estudio que debería centrarse no tema da violencia nas escolas quedou ampliado á consideración da convivencia e os problemas que nese eido están a afrontar as escolas galegas.

Os contidos da convivencia

Unha vez situados no marco deste obxecto de estudio ampliado, cómpre identificar cáles son os perfís que definen o territorio da convivencia e os seus contidos.

Neste estudio, a convivencia está estruturada en 4 grandes apartados:

- 1- Unha visión xeral da convivencia nos centros escolares.
- 2- A normativa existente nos centros escolares con respecto á convivencia.
- 3- A natureza dos conflitos habituais nos centros escolares.
- 4- As formas habituais de resolver os conflitos.

Deste xeito, faise un estudio progresivo dende o máis xeral, vinculado á idea de convivencia e relación entre sectores, ata o máis concreto, relacionado cos conflitos reais e coas solucións experimentadas.

No primeiro dos apartados mencionados, a visión xeral da convivencia vén dada pola particular perspectiva ofrecida polos sectores participantes sobre as relacións existentes entre eles. Analízase tamén cáles son os contidos da súa idea de convivencia, isto é, a qué aspectos da convivencia lles dá máis importancia.

O apartado da normativa tenta recoller informacións referidas a existencia, proceso de elaboración, nivel de formalización, nivel de coñecemento e efectividade da normativa existente nos centros escolares.

O apartado destinado a analizar a natureza dos conflitos presenta un catálogo de posibles conflitos e solicita ós participantes no estudio que sinalen cáles e en qué medida tiveron lugar nos seus centros escolares nos dous últimos anos escolares. Requírese tamén información sobre os sectores habitualmente implicados neses conflitos, os lugares e momentos do curso máis propicios á existencia de conflitos, e as causas que na súa opinión están por detrás da súa aparición.

O apartado final, centrado na resolución dos conflitos, revisa cál vén sendo a postura habitual da institución escolar cando se produce un conflito de convivencia no seu seo e quen participa na súa solución. Para concretar máis os feitos, requírese tamén información sobre as medidas adoptadas, dentro dun catálogo que se ofrece, en cada centro escolar nos últimos dous anos. Esa pers-

pectiva institucional complétase coa perspectiva individual, solicitando información sobre cómo fan os propios alumnos cando son eles os que se ven envoltos nun conflito de convivencia. Finalmente, pídese o parecer dos participantes sobre o tipo de medidas que serían aconsellables con vistas a mellorar a convivencia dos centros escolares.

Esta perspectiva poligonal de análise (a convivencia vista desde os catro puntos de vista mencionados) complica e amplía moito as consideracións e os datos dispoñibles, pero permítenos ter unha visión completa e diferenciada do *statu quo* actual do tema e do sentido que se lle outorga á convivencia nos centros escolares.

A natureza da información dispoñible

Cómpre salientar, neste sentido, que este estudo ofrece datos sobre cuestións variadas que reflicten a particular *percepción* que os participantes teñen sobre a temática da convivencia. Isto é, trátase dun estudo sobre percepcións e visións de persoas e colectivos. Aínda que esteamos a referirnos nuns casos a feitos obxectivos e noutros a crenzas persoais, os datos pertencen sempre á esfera do subxectivo (a visión que os diferentes sectores da comunidade educativa ofrecen sobre a situación da convivencia nos centros escolares).

O propio tema estudiado lévanos, dalgún xeito, por este vieiro metodolóxico. Pero certamente non é o único posible. Aínda que se poderían ter recollidas actas de incidencias nos diversos centros e analizado polo miúdo o seu contido e as resolucións adoptadas, ou realizar observacións selectivas en diversos centros escolares para contrastar cómo funcionaban as relacións interpersoais e qué tipo de condutas inapropiadas aparecían, o sentido deste estudo levounos a considerar como máis apropiado e viable o estudo das percepcións dos suxeitos. Era a mellor forma de implicar a todos os sectores escolares no estudo que se vai realizar.

Obviamente a percepción sobre as cousas non pode substituír a realidade desas cousas nin debe ser confundida con ela. O que os sectores escolares pensan sobre a convivencia nos seus centros escolares non é, en sentido estricto, a realidade da convivencia. Pero permítenos ter unha “visión” social dela. A forma en que a ven e a viven as persoas máis directamente implicadas. A propia estratexia de análise dos datos, a través do contraste entre a visión que ofrecen uns sectores e outros, facilitaríanos neutralizar, alomenos en parte, as inconsistencias ou parcialidades que cada sector poida presentar na súa particular “lectura” da situación.

2. ESTRUCTURA TÉCNICA DO ESTUDIO

A estrutura técnica deste estudo constitúe unha continuidade con respecto ós tres anteriores presentados por este mesmo equipo de investigación ó Consello Escolar de Galicia. Iso facilita a súa lectura e concede unha certa linealidade discursiva ó traballo exploratorio sobre o sistema educativo galego.

Os aspectos mencionables en relación coa estrutura técnica son os seguintes:

2.1 Variables consideradas

Para levar a cabo un estudo capaz de englobar as diversas situacións nas que se desenvolven os centros escolares, tivéronse en conta as seguintes variables independentes:

- Nivel educativo
- Situación dos centros e procedencia dos alumnos
- Titularidade dos centros escolares

Estas tres variables, xunto a outras consideradas no proceso de constitución da mostra, constitúen os eixes en torno ós que se analizaron os datos.

A variable *nivel educativo* foi formulada en sentido sinxelo e seguindo a estrutura convencional das etapas do sistema educativo (primaria, ESO, BUP, COU, bacharelato e FP). Pero as respostas recibidas complicaron enormemente a situación pois, como resulta evidente na realidade, os centros escolares presentan situacións mixtas e moi diversificadas. Nuns casos a etapa primaria está unida á ESO. Noutros casos, a ESO está unida a BUP-COU. En moitos casos os centros escolares acollen todas as etapas. En definitiva, chegou a acontecer que a categoría de *Varios* era tan numerosa ou máis que as que se referían a niveis educativos concretos.

A variable *situación dos centros e procedencia dos alumnos* foi establecida en 4 alternativas: interior das cidades, periferia das cidades, vilas ou lugares grandes, e zonas rurais. Obviamente algúns centros están situados en zonas intermedias e/ou atenden alumnos procedentes de diversas zonas.

A *titularidade* dos centros escolares foi establecida tomando en consideración a división habitual entre centros públicos, centros privados concertados e centros privados.

Estas variables básicas estiveron complementadas por outro tipo de informacións que aparecen nas diversas análises sectoriais e nas conclusións do traballo: provincia, nivel socioeconómico, tamaño do centro, n.º de alumnos por clase e n.º de repetidores por clase, traballo do pai e da nai, etc.

2.2 Mostra

A elaboración da mostra fíxose tomando en consideración as variables antes mencionadas: provincia, nivel educativo, situación dos centros e a súa titularidade.

Tentouse aquilatar ó máximo a representatividade de todos estes factores na mostra de centros que se van estudar, aínda que tomando en consideración outros elementos como a continuación se indica:

- Dado que estamos ante un estudio que vai ter unha particular función social e política parece importante abrir o traballo á participación de todos os centros escolares interesados en facelo. Nese sentido e con ese propósito o estudio dividiuse en dúas partes complementarias: por un lado preparouse un cuestionario dirixido ós directores/as de centros escolares (como representantes da institución no seu conxunto) no que se incluían os aspectos básicos do tema para tratar. Este cuestionario enviúselles a todos os centros escolares da nosa Comunidade Autónoma. No que se refire ós outros sectores participantes, o estudio centrouse nunha mostra de 100 centros escolares seleccionados segundo os criterios de proporcionalidade e tomando en consideración as variables antes mencionadas (provincia, nivel educativo e titularidade). Estamos, pois, diante dunha dobre mostra: unha máis ampla no que se refire ós directores e unha máis reducida (e controlada) polo que se refire a profesores, alumnos e pais/nais.
- Dado que o tema do estudio era a convivencia, tívose en consideración que estabamos ante unha problemática máis propia dos centros de secundaria que dos de primaria (os centros de educación infantil xa foran excluídos do obxectivo deste estudio). En función desa previsión pareceunos xustificado saturar máis a mostra de centros de secundaria.

De calquera xeito, ó final obtivemos as respostas que figuran ó inicio de cada un dos capítulos dedicados ós diversos sectores e que en resumo pode constatarase na seguinte táboa:

Sectores	n.º
Centros (directores/as)	907
Profesores/as	836
Alumnos/as	4.801
Pais-Nais	3.116

Como pode constatarase nos respectivos capítulos sectoriais, a representación non só é ampla senón tamén bastante rica e variada en relación coas variables incorporadas ó estudio (nivel educativo, situación dos centros e titularidade).

2.3 Instrumentos

Empregouse na investigación diverso tipo de instrumentos de recollida de información.

Basicamente estaba previsto facer o traballo a través de cuestionarios. 4 cuestionarios preparados particularmente para cada un dos sectores implicados no estudio. A medida que foi avanzando a investigación e segundo se progresaba na análise dos datos consideramos que podería ser útil ampliar a metodoloxía de xeito que estiveramos en condicións de chegar a unha visión máis completa e profunda da problemática vinculada á convivencia nos centros escolares. Deste xeito incorporáronse tres novas estratexias de recollida de información: as entrevistas en profundidade a directores/as de centros escolares; a entrevista colectiva cun grupo seleccionado de orientadores/as; a recollida das noticias aparecidas na prensa.

Os **cuestionarios** presentados ós diversos sectores contiñan aspectos comúns (destinados a establecer as similitudes e os contrastes entre a perspectiva dos diversos sectores da comunidade escolar) e outros diferenciados por sec-

tores (destinados a recoller cuestións máis particulares ou que afectaban especialmente a algún dos sectores).

Os aspectos presentados nos diversos cuestionarios poden analizarse na seguinte táboa. Os cuestionarios completos poden verse no anexo deste estudio.

Cuestións recollidas nos diversos cuestionarios:

A= DIRECTORES/AS; B= PROFESORES/AS; C= ALUMNOS/AS; D= PAIS-NAIS

Tema	A	B	C	D
VALORACION XERAL DA CONVIVENCIA				
Valoración xeral da convivencia	+	+	+	+
Convivencia na clase	-	+	+	-
Aspectos ós que se lles dá máis importancia	+	+	+	+
Cómo se senten tratados no centro escolar	-	-	+	-
Cambiar de centro por problemas de convivencia	-	-	+	+
NORMATIVA SOBRE CONVIVENCIA				
Existencia de normativa e a súa situación	+	+	+	+
Proceso de elaboración da normativa	+	-	-	-
Forma de revisar as normas	+	-	-	-
Coñecemento das normas	+	+	-	+
Satisfacción coas normas	+	+	+	+
Existencia de normas de clase	-	+	+	-
Elaboración normas de clase	-	+	+	-
Aspectos recollidos polas normas de clase ou centro	-	+	+	+
Respecto ós dereitos individuais no centro escolar	-	-	+	-
CONFLICTOS				
Entre quen son os conflitos	+	+	+	+
Tipoloxía dos conflitos dos dous últimos anos	+	+	+	+
Lugar no que se producen os conflitos	+	+	+	-
Momento no que se producen os conflitos	+	+	+	-
Causas dos conflitos	+	+	+	+
Conflitos entre profesores	-	+	+	-
Crenzas sobre convivencia	-	+	+	+
RESOLUCIÓN DOS CONFLICTOS				
Postura habitual do centro ante os conflitos	+	+	+	+
Participación dos sectores na resolución de conflitos	+	+	-	-
Mecanismos que seguen os alumnos ante os conflitos	+	-	+	+
Actuación dos pais ante os conflitos dos fillos	-	-	-	+
Medidas adoptadas no centro nos dous últimos anos	+	+	+	-
Actividades de convivencia nas clases	-	+	+	+
Iniciativas útiles para mellorar a convivencia	+	+	+	+

Como pode constatarase, os datos recollidos a través dos cuestionarios permiten facer unha ampla contrastación entre a visión dos problemas por parte dos 4 sectores participantes no estudio.

Polo que se refire ás **entrevistas** seguiuise unha modalidade de entrevista semiestructurada e aberta. Os entrevistadores contaban cun guión no que figuraban as cuestións básicas abordadas no estudio. Estas cuestións coincidían basicamente cos apartados recollidos no cuestionario. Esas cuestións básicas incluídas no guión da entrevista foron as seguintes:

Características do centro escolar do entrevistado

Importancia que se lle outorga á convivencia nese centro escolar

A qué aspectos da convivencia se lles dá máis importancia

Aspectos positivos e negativos en relación coa convivencia

Existencia de normas de convivencia e cómo están formuladas. Coñecemento das normas. Utilidade das normas

Conflictos principais que se teñen presentado nos dous últimos anos. Qué tipo de conflitos son

Cómo foron evolucionando os conflitos logo da reforma introducida pola LOXSE

Medidas adoptadas en relación cos conflitos e procedementos seguidos para adoptalas e aplicalas

Participación dos pais na resolución dos conflitos

Iniciativas que poderían mellorar a convivencia

As preguntas do guión, como pode constatarase, son orientativas para o entrevistador. A consigna emitida foi que o importante era recoller tanta máis información mellor sobre as cuestións básicas sobre as que versa o estudio: convivencia, normativa, conflitos e resolución dos conflitos.

Na **entrevista colectiva con orientadores** o guión foi aínda máis aberto. O interese da reunión era recoller a particular visión que sobre os problemas de convivencia nos centros escolares ten un dos colectivos que máis de preto debe atender eses asuntos.

A reunión de traballo cos orientadores tivo 5 partes principais:

Análise global da convivencia nos centros escolares ós que pertencían os orientadores participantes

A convivencia entre profesores

A convivencia entre alumnos

Estratexias para a mellora da convivencia

O papel dos dptos. de orientación na procura dunha mellor convivencia nos centros escolares

No capítulo correspondente dáse conta dos diversos matices que estas cuestións xenéricas foron adoptando ó fío do desenvolvemento da discusión.

Na **análise da prensa** adoptouse unha ficha de recollida de información que figura no anexo correspondente. Esa ficha actuaba como protocolo para a decodificación dos aspectos substantivos da noticia. Os contidos básicos da busca e identificación das noticias de prensa foron os seguintes:

Contextualización das noticias:
Data, nome do xornal, localización, formato, relevancia tipolóxica, etc.
Título da noticia
Resumo do contido
Lugar onde ocorre ou ó que se refire
Nivel educativo, Situación do centro, Titularidade
Observacións especiais do investigador

Recolléronse as noticias do último ano nos principais xornais galegos. As conclusións derivadas dos datos acadados figuran no capítulo correspondente.

2.4 Análises realizadas

Como en ocasións anteriores a estratexia de análise dos datos foi ofrecer os datos do xeito máis sinxelo e intuitivo posible.

A variedade de instrumentos empregados levounos a utilizar metodoloxías de análise tamén diferenciadas.

Os datos dos cuestionarios foron analizados a través dun procedemento estatístico simple utilizando o paquete informático SPSS. Os datos ofrécense, na súa maior parte en táboas e gráficos para facilitar a súa lectura. Engádesse a cada táboa de datos a interpretación destes á luz do propósito deste estudio.

Os datos das entrevistas foron analizados a través dunha análise de contido tratando de extraer as ideas básicas expostas polos colectivos entrevistados.

Os datos da prensa foron analizados tanto polo contido das noticias como pola relevancia outorgada no medio de comunicación.

3. ESTRUCTURA DO ESTUDIO

Establecidos os parámetros técnicos do estudio tal como se acaba de describir no apartado anterior, a súa estrutura consta das seguintes partes:

- 3.1 Unha *parte* **introdutoria** na que se analiza a problemática xeral de convivencia escolar e as aproximacións que se veñen facendo a ese tema tanto en España coma nos países do noso contorno.
 - 3.2 *A análise dos datos* acadados a través dos *cuestionarios*. Este apartado está formado por 5 subapartados:
 - datos dos directores/as de centros
 - datos dos profesores/as
 - datos dos alumnos/as
 - datos dos pais / nais
 - cruzamento entre os catro sectores.
 - 3.3 *A análise cualitativa* dos datos acadados a través das *entrevistas e noticias de prensa*.
 - 3.4 Consideracións que poden extraerse a partir do conxunto do estudio realizado e que se presentan de xeito diferenciado ó Consello Escolar para que poida basear nelas as súas propostas.
- O informe complétase co apartado dos anexos no que figurarán os

cuestionarios utilizados, a *ficha de rexistro* das noticias de prensa, o listado dos centros participantes no estudio (na mostra reducida dos 100 centros) e o listado dos orientadores participantes na entrevista colectiva. Non aparecen os nomes dos directores entrevistados por expresa recomendación deles que preferían manter o anonimato.

